



CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA 2018

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



REGULAMENTO PARTICULAR

XXI SUBIDA PONTEVEDRA-ALMOFREI

PROVINCIA: PONTEVEDRA

DATA: 14 E 15 DE XULLO DE 2018



1.- PROGRAMA.

| Data | Horario | Programa | Lugar |
|------------|--------------------|--|--|
| 11/06/2018 | 12.00 | Apertura de Inscripcións | Escudería Ciudad de Pontevedra Avda. de Vigo nº 85 36003 Pontevedra Fax: 986096593 Teléfono: 606618082 |
| 11/07/2018 | 21.00 | Peche de Inscripcións | |
| 12/07/2018 | 22.00 | Publicación Lista de Inscritos | |
| 14/07/2018 | 09.00 | Apertura Parque pechado Obligatorio | Praza de España |
| | 9.00 a 12.00 | Verificacións Administrativas | Recinto Feiral |
| | 9.30 a 12.30 | Verificacións Técnicas | Rua Alexandre Boveda s/n Pontevedra |
| | 13.45 | Publicación Lista Autorizados a tomala saída | |
| | 14.30 | Presentación Pilotos Parque Pechado, para saída en caravana | Praza de España |
| | 15.00 | Presentación Pilotos Parque Pre-saída. | Parque presaida |
| | 16.00 | Saída 1º manga entrenos oficiais | Tramo Cronometrado |
| | A continuación | Saída 1ª manga oficial | |
| | A continuación | Saída 2ª manga oficial | |
| | A continuación | Saída 2ª manga oficial | |
| 15/07/2018 | 08.00 | Presentación Pilotos Parque Pechado, para saída en caravana. | Praza de España |
| | 08.30 | Presentación Pilotos Parque Pre-saída. | Parque presaida |
| | 09.30 | Saída 2º manga entrenos oficiais | Tramo Cronometrado |
| | A Continuación | Saída 3ª manga oficial | |
| | A Continuación | Saída 4ª manga oficial | |
| | A Continuación | Saída 4ª manga oficial | |
| | 15.30 | Verificacións de Oficio | Neumáticos Leicar Av. Vigo 85. Pontevedra |
| | 17.00 | Publicación de resultados | Praza de España Pontevedra |
| 17.30 | Entrega de premios | Teatro Principal de Pontevedra Calle Paio Gomez Charino 6 Pontevedra | |

Nota: Levantamento vehículos parque pechados: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques pechados**, sen ter que esperar ás entregas de premios.

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Desde o día 11 de Xuño ás 12:00 horas, ata do día 13 de Xullo ás 24:00 horas estará situado na Oficina Permanente da Proba, estará emprazada en Avda de Vigo nº85, Leicar Sport.
E partir do día 14 de Xullo as 09:00 horas, ata o fin do meeting, está situado no Parque Pechado sito en Praza de España

2. - ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

1.1. - Definición:

O/a Escudería Cidade de Pontevedra organiza a XXI Subida Pontevedra-Almofrei que se desenrolará desde o día 14 de Xullo ó día 15 de Xullo do ano 2018.

Esta proba disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2018, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 21.05.2018. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-021-MO.

1.2. - Comité de Organización:

Presidente:

D. Florentino Leiro Portela

Vocais:

D. Victor Manuel Leiro García

D. Jonatan Leiro Dieguez

Secretario:

Dña Patricia Lago Lorenzo

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

Rúa Pazo Mourente nº 75 piso 2º

C.P. 36164

Pontevedra.

Teléfono: 606618082

Fax: 986096593



1.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Florentino Leiro Portela DC1ª-1530-GA

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. Alfonso Viana Mejuto CD1ª-1147 -GA.

D. José Ledo Janeiro CD-1146 -GA.

D. Florentino Leiro Portela DC-1530-GA.

Observador da F.G. de A.:

D. Victoriano González Boulosa. OBS-0021-GA

Director da Carreira-Oficina/Autobús:

D. Víctor F. Pérez Vidal DC-1534-GA.

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. Ignacio J. Davila Estévez DC-0974-GA

Responsable Equipos Cronometraxe:

D. Jose Alfonso Otero Porto CD -1041-GA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Francisco Javier Leiro Argibay CD1ª-1532-GA.

Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):

Verde D. Antonio Pintos Herves DC-1535-GA.

Vehículo "00" (ESCOBA):

Bermello D. Enrique M. Vázquez Rodríguez DC-1536-GA.

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 2, antes da celebración do meeting.

Central de Datos:

Servicio Informático: -Federación Galega de Automovilismo

Servicio de Ambulancias: -Ambulancias Pontevedra

Centros Asistenciais: -Complejo Hospitalario de Pontevedra (Chop)
-Hospital Quirón Miguel Domínguez

Servicio de Grúas: -Grúas Méndez
-Grúas Castiñeira

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licencia CD1ª, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

3. - MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

A proba XXI Subida Pontevedra-Almofrei é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato de Galicia de Montaña (Agrupacións 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8). Coef. (7).
- Campionato de Galicia de Montaña Regularidade Sport 80 km./h.
- Campionato de Galicia de Montaña Regularidade Sport 50 km./h.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 1.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 2.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 3.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 4.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 5.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 6.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 7.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 8.
- Copa de Galicia de Montaña para Escuderías (Agrupacións 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).
- Copa Propulsión CARCROSS.
- 1ª Gara Cup Pirelli de Montaña

Artigo 3.- Vehículos admitidos.

3.1. - Os vehículos segundo o seu grupo e cilindrada serán clasificados nas seguintes Agrupacións:

| AGRUP | GRUPO | REGULAMENTO | PESO MINIMO (Kg) | BRIDA MAX (mm) |
|---------|---|----------------------------|------------------|----------------|
| 1 | WRC 2000 cc | Art. 255 Anexo J 2010 FIA | 1230 | 34 |
| | WRC 1.600 cc | Art. 255 Anexo J 2016 FIA | 1200 | 33 |
| | WRC 1.600 cc | Art. 255 Anexo J 2017 FIA | 1175 | 36 |
| | R5 | Art. 261 Anexo J 2017 FIA | 1230 | 32 |
| | S2000 (1.6T) RRC | Art. 255A Anexo J 2013 FIA | 1200 | 28 |
| | S2000 (Atmosférico) | Art. 254A Anexo J 2013 | 1200 | N/A |
| | R4 | Art. 260 Anexo J FIA | 1300 | 33 |
| | A Galego | Grupo "A" FGA | 1300 | 34 |
| | N1 | RFEDA + Grupo "G" FGA | S/ Ficha Homo. | 34 |
| | N5 | RFEDA + Grupo "G" FGA | 1230 | 34 |
| | N6 | Grupo "G" FGA | S/Regulamento | 34 |
| | Gr A + 2000 c.c. 4x4 | Art. 255 Anexo J FIA 2017 | 1230 | 34 |
| | Gr N + 2000 c.c. 4x4 | Art. 254 Anexo J FIA 2017 | S/Ficha Homo. | 33 |
| | Gr X + 2000 c.c. 2RM e 4x4 | Grupo "X" FGA | S/Regulamento | 34 |
| | Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2008 | RFEDA + Grupo "G" FGA | 1410 | 40,8 |
| | Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2010 | RFEDA + Grupo "G" FGA | 1440 | 41,2 |
| | GT | RFEDA + Grupo "G" FGA | S/Ficha Homo. | S/Ficha Homo. |
| | RG1 | Art. 256 Anexo J FIA 2017 | S/Ficha Homo. | S/Ficha Homo. |
| | Gr. G + 2000 C.C. | Grupo "G" FGA | S/Regulamento | 34 |
| | Gr. P | GRUPO P | S/Regulamento | 34 |
| Gr. SCC | GRUPO SCC | S/Regulamento | S/Ficha Homo. | |
| 2 | R3T | Art. 260D Anexo J FIA | 1080 | 29 |
| | R3C | Art. 260 Anexo J FIA | 1080 | N/A |
| | S1600 | Art. 255 Anexo J FIA | 1000 | N/A |
| | S1600 RFEDA | Art. 255 Anexo J FIA+RFEDA | 1000 | N/A |
| | R2C | Art. 260 Anexo J FIA | 1080 | N/A |
| | N2 | RFEDA + Grupo "G" FGA | S/ Ficha Homo. | S. procedencia |
| | Gr. N (2RM) | Art. 254 Anexo J FIA 2017 | S/Ficha Homo. | 33 |
| | Gr. A +1600/-2000 Kit Car | Art. 255 Anexo J FIA | S/Regulamento | N/A |
| | Gr. G - 2000 c.c. (2RM) | Grupo "G" FGA | S/Ficha Homo. | 34 |
| | Gr. X +1600/-2000 Kit Car | Grupo "X" FGA | S/Regulamento | N/A |
| 3 | R2B -1600 c.c. | Art. 260 Anexo J FIA | 1030 | N/A |
| | R3D | Art. 260 Anexo J FIA | 1150 | 32 |
| | N3 | RFEDA + Grupo "G" FGA | S/ Ficha Homo. | S. procedencia |
| | Gr A -1600 c.c.Kit Car | Art. 255 Anexo J FIA | S/Regulamento | N/A |
| | Gr.N+1600 - 2000 c.c. (2RM) | Art. 254 Anexo J FIA 2017 | S/Regulamento | N/A |
| | Gr.X+1600 - 2000 c.c. (2RM) | Grupo "X" FGA | S/Regulamento | N/A |
| 4 | Historicos + 1600 c.c. (2RM) | Anexo J FIA 1981 + FGA | S/Regulamento | N/A |
| | Gr N -1600 c.c. | Art. 254 Anexo J FIA 2017 | S/Regulamento | N/A |
| | R1A / R1B -1600 c.c. | Art. 260 Anexo J FIA | 980 / 1030 | N/A |
| | Gr.X-1600 c.c. | Grupo "X" FGA | S/Regulamento | N/A |
| 5 | Historicos -1600 (2RM) | Anexo J FIA 1981 + FGA | S/Regulamento | N/A |
| | Tódolos Grupos - 1000 C.C. | S/procedencia | S/ Ficha Homo. | |
| 6 | CM, EM, C3-CN, EH, EL, D/E2SS-CN/E2SC, CARCROSS | S/procedencia | S/Ficha Homo. | S. procedencia |
| | Ata 1.000 c.c. | | | |
| 7 | CM, EM, C3-CN, EH, EL, D/E2SS-CN/E2SC | S/procedencia | S/Ficha Homo. | S. procedencia |
| | De 1.001 c.c. ata 1.400 c.c. | | | |
| 8 | CM, EM, C3-CN, EH, EL, D/E2SS-CN/E2SC | S/procedencia | S/Ficha Homo. | S. procedencia |
| | De máis 1.401 c.c. | | | |

GRUPO P: GRUPO ESPECIAL PROTOS-VEHÍCULOS ESPECÍFICOS DE COMPETICIÓN: Serán admitidos a participar e puntuar aqueles vehículos que ó soliciten á F.G. de A., e que cumpran os requisitos esixidos pola Comisión de Montaña, non admitíndose vehículos dados de baixa (matriculación, seguro, e I.T.V. de rallye vixente e o día), nin temporal, nin do Plan Prever, Pive ou similares; agás os "vehículos específicos de competición" os cales están excluídos desta normativa. As medidas de seguridade terán que ser as mesmas que no grupo X, as mesmas que o Grupo A, en materia de seguridade.

Os vehículos turbo alimentados que participen neste grupo deberán montar una brida de diámetro interior de 38mm mantido sobre unha lonxitude mínima de 3 mm, medido augas abaixo dun plano perpendicular ao eixo de rotación situado a un máximo de 50 mm augas arriba dun plano que pase polos extremos máis augas arriba dos álabes da roda (ver debuxo 254-4). Este diámetro debe respectarse independentemente das condicións de temperatura. O diámetro exterior da brida a nivel do pescozo, debe ser inferior a 44 mm, e debe manterse sobre unha lonxitude de 5 mm a cada lado de este. No caso dun motor con dous compresores en paralelo, cada compresor está limitado por unha brida cun diámetro interior máximo de 24 mm, e un diámetro exterior máximo de 30 mm nas condicións prescritas anteriormente.



- Vehículos específicos de competición: Construídos polos fabricantes de vehículos (Fórmulas, barquetas e turismos) con documentación, factura, ou ficha de homologación expedida polo constructor ou pola F.I.A. ó efecto. A mesma suplirá a documentación ordinaria, e segundo a Lei de Circulación vixente, non será necesario (matriculación, seguro e I.T.V. de vehículo de Rallye), agás os autorizados pola Federación Galega de Automobilismo, denominados SCC, con motorización provinte dunha moto, e baixo a normativa de aplicación dictada e publicada pola Federación Galega de Automobilismo.

Todos estes vehículos deberán ter operativos os pilotos posteriores ou no seu defecto instalar uns pilotos de cor vermello, cunhas bombillas de 15w mínimo.

Os vehículos pertencentes a este grupo deberán cumprilos requisitos do regulamento técnico da Federación Galega de Automobilismo.

GRUPO SCC: Cilindrada ata 1400 cc. Vehículos de produción de serie, e con pasaporte específico, adecuados a normativa publicada no Anuario da F.G. de A., con motor de moto ata 1400 cc., con tracción dianteira, traseira, ou con motor central. Admitirase a participación dos vehículos Mitjet, e Legend Cars neste Grupo.

GRUPO C3-CN-EH-EL-D/E2SS-CN/E2SC: Clase 6: Tódalas cilindradas. Vehículos C3: As características técnicas do motor deberán estar reflexadas na ficha técnica do mesmo. Limitase a cilindrada a 2.500 cm³. O peso de ditos vehículos será o seguinte:

ata 1000 cm³ 500 Kg.

Mais de 1000 cm³ a 1300 cm³ 530 kg

Mais de 1300 cm³ a 1600 cm³ 560 kg

Mais de 1600 cm³ a 2000 cm³ 600 kg

Mais de 2000 cm³ a 2500 cm³ 640 kg

Vehículos CN: Deberán de cumprir o artigo 259 do Anexo J do C.D.I., a cilindrada do motor limitase a 3000 cm³.

Grupo D/E2-SS: Vehículos de carreira monoprazas de Fórmula Internacional ou Fórmula Libre dunha cilindrada igual ou inferior a 3.000 c.c.

Grupo CN/E2-SC: Vehículos deportivos de produción e vehículos de competición bipraza, (combinados) abertos ou pechados, construídos dunha cilindrada igual ou inferior a 3.000 c.c.

Vehículos segundo o Artigo 277 do Anexo J.

GRUPOS CM, EM:

(CM): ata 1.400 c.c. (Carburación e inxección).

(EM): ata 1.400 c.c. (Carburación e inxección).

CARCROSS: Vehículos de propulsión traseira para vehículos carcross de ata 600 c.c., que estean en posesión do pasaporte administrativo expedido pola Federación Galega de Automobilismo, para a tempada 2018, e téñense que inscribir na Agrupación 6.

HISTÓRICOS: GRUPO "H":

Ata 1.600 c.c. Provintes dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".

Máis de 1.600 c.c. Provintes dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".

3.2. - Os Fórmulas monopraza (Grupo E), deberán cumprir a regulamentación dos vehículos de Fórmula Libre (EL) segundo o artigo 277 Anexo J, fórmula homologado (EH), e fórmula con motor de moto (EM), da F.G. de A.

Os vehículos do Grupo E, construídos antes do 01/01/1.987 que teñan instalada unha rótula UNIBALL nas rótulas de pivotamento, dirección-suspensión (soportamento do porta-mangueta metálico), será obrigatorio como norma de seguridade instalar unha anella, ca que a protección, a bola da rótula non poderá chegar a saír do seu aloxamento, aínda con folgura.

3.3. - **REGULARIDADE SPORT:** Vehículos Admitidos: Tendo en conta que son vehículos clásicos utilizados en eventos non deportivos, a maior parte deles carecen de equipamentos de seguridade esixibles para eventos deportivos (barras, buckets, arneses, extinción) polo que habería que crear dúas categorías de vehículos: (vehículos deportivos debidamente equipados (Tipo A) e vehículos de rúa (Tipo B) que poden estar de serie ou con algún elemento de seguridade engadido.

Estos vehículos terán que ter un mínimo de 25 anos de antigüidade o inicio da tempada 2018.

Nos vehículos de serie, obligarase a colocación en lugar accesible polos ocupantes dun extintor de 6kg debidamente anclado o coche. así como o uso obrigatorio de casco. (Sen homologación F.I.A.).

Nos vehículos de competición (Tipo A), ademais dos anteriores, serán obrigatorias barras antivolco, arco de seguridade e arneses. Por outro lado recoméndase o uso de roupa inífuga. (Según Anexo J).

Os equipos de medición adicionais son libres.

Clases:

! Clase 1: Vehículos ata 31/12/1970 e cilindrada ata 1.600cc.

! Clase 2: Vehículos ata 31/12/1970 e cilindrada dende 1.601cc.

! Clase 3: Vehículos entre 01/01/1971 a 31/12/1980 e cilindrada ata 1.600cc

! Clase 4: Vehículos entre 01/01/1971 a 31/12/1980 e cilindrada dende 1.601cc

! Clase 5: Vehículos desde 01/01/1981 tódalas cilindradas.

Unha clase considerase constituída coa participación dun só vehículo.

Para os vehículos equipados con turbo e a efectos da súa integración nas distintas clases, a súa cilindrada efectiva será multiplicada por 1.7.

- 3.4. - A tódolos efectos, considérase constituída unha Agrupación coa saída dun so vehículo.

Artigo 4.- Desenrolo da proba. Queda terminantemente prohibido realizar adestramentos fora do horario previsto a este efecto. Está prohibido ós equipos circular en sentido inverso do treito, baixo pena de exclusión.

4.1. - Na saída os coches deberanse colocar da seguinte forma:

1. - Os primeiros en saír, en tódalas mangas, son os fórmulas, barquetas, CM, SCC, e turismos de maior a menor potencia, tendo o primeiro número o Campión en título (2017).

2. - Tódolos vehículos que usen calentadores, e estean na caravana de saída de tódalas mangas, si houberse paróns, non poderán volver a súa asistencia, so pena de rigorosa exclusión, ó volver a poñelos calentadores dos pneumáticos.

3. - Está normativa é de obrigado cumprimento, dende a data da súa publicación, a tódolos efectos, en tódalas probas dos Campionatos de Galicia.

4. - Prégase face-las listas de inscritos coa máxima rigorosidade, e tendo moi en conta ós pilotos que figuran na clasificación dos Campionatos Galegos, ata o día da data da súa publicación.

5. - Os parafusos e as porcas das rodas de tódolos vehículos en tódalas modalidades non poderán exceder do plano vertical exterior da lamia. Será causa de exclusión na verificación inicial dos vehículos que incumpran a normativa, antes, durante, e na verificación final de oficio da proba.

6. - Taboleiro de avisos: Será obrigatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, parque presaída, ou parque pechado onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.).

7. - Carreira:

7.1. - Os condutores deberán estar a disposición dos oficiais da proba, 20 minutos antes do horario de saída previsto.

7.2. - O piloto que non estea no seu posto de saída, cando lle corresponda por número correlativo, quedará penalizado con 10 segundos da proba a tódolos efectos, en calquera das seis mangas

7.3. - Non se permitirá variarl orde de saída, salvosolicitude e autorización dos Comisarios Deportivos, para non desvirtualo "fair-play" da proba.

7.4. - Saída: O xefe de posto, ou calquera dos Comisarios Técnicos, encargaranse de situalo vehículo e de comproba-las medidas de seguridade do piloto (arnés, casco, vestimenta, etc). A saída darase co vehículo parado e motor en marcha. Cando o vehículo estea na liña de saída (no seu minuto), na conta atrás, de non poder pasala célula fotoelétrica, otorgaráselle o tempo do peor clasificado na manga mais 10 segundos, e autorizaráselle a retiralo vehículo para reparalo e continuar participando no meeting, previa solicitude e autorización do Colexio de Comisarios Deportivos. No caso de apagado de motor dun vehículo ás ordes do xuíz de saída, a posterior posta en marcha do mesmo non poderá realizarse empurrando ou aproveitando o desnivel da mesma. Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL-920, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL-920) ata o instante de activación da cronometraxe.

7.5. - Chegada: Será lanzada equedará prohibido deterse ata 200 metros pasada a liña de chegada onde os vehículos ordenaranse para organizala caravana de baixada para tomar novamente a saída.

7.6. - Carreira: Todo vehículo alcanzado deberá deixar libre o paso aminorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o condutor deberá situalo de forma que non represente un perigo para os demais participantes. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumplimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario. Todo vehículo que tomara a saída (adestramento ou oficial) non poderá tomala de novo baixo ningún caso de obstrucción ou impedimento dos Comisarios de Pista por accidente ou causa de forza maior. De acordar, excepcionalmente, os Comisarios Deportivos ó contrario terán que levantar acta ó efecto e comunicalo a secretaría da Federación. Os participantes en todo momento deberán aterse rigurosamente ás indicacións dos Comisarios de Pista, do Director da Proba, e dos Comisarios Técnicos.

7.7. - Cronometraxe: Tanto en saída como en chegada a cronometraxe será realizado á milésima de segundo por células fotoelétricas con impresión e dobraxe obrigatorio (Tag Heuer).

7.8. - Será obrigatoria a presenza dun vehículo "R", de "Team Medical Sport", cun piloto rescatador, ATS, e oficial médico (todos iles titulados), debendo facer constar o seu nome e números de Colexiados, por parte do xefe de seguridade vial, no parte de traballo, e no Regulamento Particular da Proba para a súa aprobación.

7.9. - Terán que estar previstas medidas de evacuación (ó menos dúas segundo o plan establecido polo Xefe Médico do Vehículo "R" de Team Medical Sport, e o Oficial responsable da seguridade vial, da proba (postos de control e demais). Na proba, será obrigatoria unha U.V.I.-Móbil, e entregarase un plan de evacuación ós condutores das ambulancias (asistencial e U.V.I) para o seu coñecemento, así como do percorrido idóneo ata o Centro Asistencial.

7.10. - Os Organizadores terán que dispor obrigatoriamente:

- Un vehículo con megafonía para avisos ó público.

- Dúas ambulancias (Unha medicalizada-U.V.I.).

- O Autobús da Federación, co seu persoal ó completo (Chofer, Xefe Intendencia, e Inxeñeiro de clasificacións da Federación).

- Equipo de excarceración (Grumir), e coche de bombeiros.

- Como mínimo un vehículo "R" de intervención rápida, debidamente equipado con material, e de extinción, para a súa intervención no caso de calquera accidente que poda producirse no transcurso da proba. Este, ou estes vehículos deberán ir identificados, e provistos de luz xiratoria destellante ámbar, e de sirena, tendo que situarse na liña de saída en zona habilitada.

7.11. - Zonas de perigo. Deberán sinalizarse con letreiros de ZONA PROHIBIDA Ó PÚBLICO así como evita-lo acceso de espectadores a dita zona mediante vallas, e outros materiais que eviten o paso a ditos lugares, así como o estacionamento dos espectadores en lugares que puideran ser perigosos.

7.12. - O número de controladores de pista será o necesario para que dun posto a outro teña enlace visual. Cada posto de control estará composto como mínimo de dúas a tres persoas adultas, e coa licencia de sinalizador expedida pola F.G. de A. Deberán dispor de material necesario para a súa función (emisora de radio, teléfono, bandeiras, extintores, silbatos regulamentarios homologados, cepillo ou escoba e sepiolita), e deberán ir identificados con vestimenta/petos de alta visibilidade homologados, que respondan as prescricións técnicas contidas no Real Decreto 1407/1962, de 20 de novembro, para o seu fácil recoñecemento. Recoméndase ós organizadores, en cada proba, soliciten a un piloto que os acompañe a verificar as medidas de seguridade establecidas na proba, e firme no libro de seguridade, a testifical de comprobación.

É normativa de obrigado cumprimento baixalos vehículos participantes, despois de cada manga celebrada, de seguido do último participante e despois da chegada do vehículo "00" exclusivamente. Non se permite en ningún caso a dobre circulación no treito.

7.13. - Os vehículos da caravana só poden subir antes dos adestramentos, sábado e domingo, estando prohibido transitar polo treito antes das mangas oficiais.

7.14. - O Xefe de Seguridade Vial, despois de transitar polo treito antes do comezo do meeting e evacualo correspondente informe ó Director de Carreira e Comisarios Deportivos, só poderá transitar polo treito en caso de sinistro, actualización, e evacuación, para reposición das medidas de seguridade.

8. - PARQUES.

8.1. - O parque presaída deberá estar delimitado e considerarse parque pechado.

8.2. - O parque de chegada considerase parque pechado. Os vehículos quedarán obrigatoriamente en réxime de parque pechado desde o final da última manga ata 30 minutos despois da publicación dos resultados. Queda terminantemente prohibido transportar no vehículo calquera persoa distinta ó conductor, so pena de exclusión do meeting.

8.3. - O parque de presaída-traballo ordenarase por número de menor (1) a maior. Si a asistencia e compartida outorgarase o lugar correspondente ó numero máis alto.

9. - MARCAXE DE PNEUMÁTICOS:

9.3 -En cada subida marcaranse dous xogos de pneumáticos, de seco, podendo só ser un novo a estrear e outro usado. Os equipos que o desexen, e o soliciten, marcaránselle os dous xogos de pneumáticos usados.

9.3.1. - O uso dos dous xogos de pneumáticos, de seco, pódense montar ao gusto do participante indistintamente nas seis mangas(sábado e domingo) xa ben sexa nos adestramentos ou mangas oficiais.

9.3.2. -De pinchar, rebentar, ou desllantar un pneumático só se poderá, previa revisión dos Comisarios Técnicos e autorización dos Comisarios Deportivos, substituír a lamia-pneumático danado, queda prohibida a monta do eixe (2 pneumáticos) en cuestión.

9.3.3. - Os pneumáticos de mollado (4 unidades)terán que ser marcados tamén, e rexerá así o mesmo co criterio do punto 9.3.2 deste artigo.

9.3.4. - O xogo de pneumáticos usados, de ter participado en probas do Campionato de Galicia de Montaña 2018, terá que ter as marcas dunha proba anterior.

9.3.5. - O xogo de pneumáticos usados, presentados para o seu marcaxe, serán aceptados, ou non, a exclusivo criterio dos comisarios técnicos para evitalas posibles picardías de tentar marcar pneumáticos novos lixados ou moldeados.

10. - REGULARIDADE SPORT: Tramo de calibración será desde a liña de saída á de chegada en tódalas subidas do Campionato 2018. Formato das probas:

Regularidade a 50km/h (Tipo B): Imponse unha velocidade media dos participantes de 50km/h. Estableceranse controis horarios de saída e chegada. A penalización aplicada será de 1 punto por cada milésima de segundo de

diferencia entre a hora real de paso e a hora teórica. A saída será marcada o paso do vehículo pola célula a milésima de segundo.

Regularidade Sport (Tipo A): Velocidade media de 80km/h. As penalizacións serán as mesmas que en Regularidade a 50km/h. A saída será marcada o paso do vehículo pola célula a milésima de segundo. Ponse un punto de control o inicio e outro o final do treito. Tómase o tempo de paso polo control de saída e polo control de meta. Montaranse controis secretos ó longo do tramo. A forma de penalizar será un punto por cada milésima de segundo.

O gañador será o participante que menos penalización obteña, no computo total das seis ascensións (sábado e domingo). A orde de saída será a continuación do derradeiro participante da Agrupación "B" de Turismos/Carrozados de velocidade. Asistencias: Queda terminantemente prohibido facer asistencias no parque de presaída, e no parque de traballo, só pena de exclusión para tódolos vehículos de regularidade "A" e "B". Existe a salvedade de indicar na folla de inscrición, voluntariamente, o nome e número de licencia da súa asistencia. Neste caso o organizador autorizará a mesma a tódolos efectos.

A forma de penalizar será un punto por cada milésima de segundo. Non pasar un control 10 minutos de penalización. Facer o percorrido 15 segundos máis rápido do tempo estimado será exclusión da proba. NON sair nunha manga 10 minutos de penalización.

Advertencia: Calquera irregularidade, temeridade, ou incumplimento deliberado-intencionado no bó desenrolo da proba conlevará a exclusión do evento deportivo, con traslado ó Tribunal Galego de Apelación para apertura de expediente sancionador..

Artigo 5.- Percorrido. A proba celebrarase na estrada PO233


Saída: PO233 KM 1,1. [42.436804](#), [-8.577452](#).



Chegada: PO233 KM 5,3. [42.436804](#), [-8.577452](#).



Mapa do trazado:





Lonxitude 4.270 metros.

Os recoñecementos do percorrido feitos á marxe das mangas oficiais, serán de exclusiva responsabilidade dos ocupantes do vehículo, sen que se poda vincula-la súa actuación, baixo ningún concepto, coa organización da proba. Queda estritamente prohibido realizar marcas sobre sinais de tráfico, fitos, pavimentos, edificacións ou marxes da estrada por parte dos concursantes, participantes e outras persoas relacionadas con eles, no curso dos recoñecementos previos.

Artigo 6.- Sinalizacións. Durante o transcurso da proba deberán ater rigorosamente as indicacións dos oficiais sinaladores, efectuadas coas bandeiras co significado que a continuación se detalla:

Bandeira roxa: Parada inmediata e absoluta.

Bandeira Galega: Sinal de saída.

Bandeira Amarela (Inmóbil): Perigo en xeral, minora-la marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Axitada): Perigo inmediato, minora-la marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Dúas axitadas): Obstrucción moi grave ou total da pista. Prohibido adiantar.

Bandeira Amarela con franxas roxas verticais: Superficie deslízante por aceite, auga, gravilla, etc.

Bandeira Branca: Presencia en pista dun vehículo lento ou un vehículo de servizo "S", ambulancia, etc.

Bandeira Azul: Un concursante intenta adiantar.

Bandeira Negra con cadros brancos: chegada da Carreira.

Artigo 7.- Concursantes admitidos. Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2018 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 8.- Solicitude de inscrición-inscricións.

8.1 Toda persoa que desexe participar na Proba: XXI Subida Pontevedra-Almofrei deberá remiti-la solicitude de inscrición, debidamente cumprimentada á:

PARA FACER A INSCRICIÓN: <https://goo.gl/forms/Vs9gXOX3cE56Hp9s2>

Escudería Cidade de Pontevedra

Pazo Mourente nº 75

36164 Pontevedra

Email: escuderiacdpo@gmail.com

Tlf/Fax: 986096593

ANTES DAS 21 HORAS DO DÍA 11 DE XULLO DE 2018

8.2- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

Artigo 9.- Dereitos de inscrición-Seguros.

9.1. - Os dereitos de inscrición fíxanse en:

9.1.1. - **275 €** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

9.1.2. - **550 €** Refusando esta publicidade.

9.1.3. - Os dereitos de inscrición na modalidade de Regularidade Sport fíxanse en:

A) **125 €** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

B) **250 €** refusando esta publicidade.

9.2.- A solicitude de inscrición non será aceptada se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

9.3 - Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

9.4. - Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria ABANCA sucursal de Loureiro Crespo 18:

Nº CTA IBAN: ES09 2080 5520 95 3000003653

- OBRIGACIÓNS XERAIS.

Artigo 10.- Publicidade. A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

Transportes Crespo y Cousido: Incluída na placa do número

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes:

Teforma y Autos C. Castiñeira, Mourente Motor: Baixo placa número o lateral del vehículo

4. - DESENROLO DA PROBA.

Artigo 11.- Hora oficial da Proba. Durante o transcurso da Proba, a hora oficial será a emitida por por Radio Nacional de España.

Artigo 12.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas nas Prescricións Comúns para Rallyes da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 13.- Premios. Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes: (Reparto de premios mínimo esixido pola Comisión de Montaña da F.G. de A.)

| CARROZADOS: | | | |
|-------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|
| ORD | COEFICIENTE 6 | COEFICIENTE 7 | COEFICIENTE 8 |
| 1º | 650€ Trofeo e Coroa de Loureiro | 800€ Trofeo e Coroa de Loureiro | 900€ Trofeo e Coroa de Loureiro |
| 2º | 450€ Trofeo | 600 € Trofeo | 700€ Trofeo |
| 3º | 350€ Trofeo | 400 € Trofeo | 500€ Trofeo |
| 4º | 175€ Trofeo | 215€ Trofeo | 305€ Trofeo |
| TOTAL | 1.625€ | 2.015€ | 2.405€ |
| AGRUPACION 1 | 1º 250€ e Trofeo 2º 150€ | 1º 275€ e Trofeo 2º 160€ | 1º 290€ e Trofeo 2º 175€ |
| AGRUPACION 2 | 1º 250€ e Trofeo 2º 150€ | 1º 275€ e Trofeo 2º 160€ | 1º 290€ e Trofeo 2º 175€ |
| AGRUPACION 3 | 1º 250€ e Trofeo 2º 150€ | 1º 275€ e Trofeo 2º 160€ | 1º 290€ e Trofeo 2º 175€ |
| AGRUPACION 4 | 1º 250€ e Trofeo 2º 150€ | 1º 275€ e Trofeo 2º 160€ | 1º 290€ e Trofeo 2º 175€ |
| AGRUPACION 5 | 1º 250€ e Trofeo 2º 150€ | 1º 275€ e Trofeo 2º 160€ | 1º 290€ e Trofeo 2º 175€ |
| NON CARROZADOS: | | | |
| ORD | COEFICIENTE 6 | COEFICIENTE 7 | COEFICIENTE 8 |
| 1º | 650€ Trofeo e Coroa de Loureiro | 800€ Trofeo e Coroa de Loureiro | 900€ Trofeo e Coroa de Loureiro |
| 2º | 450€ Trofeo | 600 € Trofeo | 700€ Trofeo |
| 3º | 350€ Trofeo | 400 € Trofeo | 500€ Trofeo |
| 4º | 175€ Trofeo | 215€ Trofeo | 305€ Trofeo |
| TOTAL | 1.625€ | 2.015€ | 2.405€ |
| AGRUPACION 6 | 1º 150€ e Trofeo 2º 100€ | 1º 170€ e Trofeo 2º 100€ | 1º 190€ e Trofeo 2º 100€ |
| AGRUPACION 7 | 1º 150€ e Trofeo 2º 100€ | 1º 170€ e Trofeo 2º 100€ | 1º 190€ e Trofeo 2º 100€ |
| AGRUPACION 8 | 1º 150€ e Trofeo 2º 100€ | 1º 170€ e Trofeo 2º 100€ | 1º 190€ e Trofeo 2º 100€ |
| TOTAL | 750€ | 810€ | 870€ |
| TOTAL PREMIOS X SUBIDA | 6.000,00€ | 7.015,00€ | 8.005,00€ |

PREMIOS POR PROBA: en Regularidade Sport:

De 6 ata 9 participantes:

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo
3º 50 € e Trofeo

Regularidade 50 Km./h. tipo B

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo
3º 50 € e Trofeo

de 10 a 19 participantes:

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 200 € e Trofeo
2º 150 € e Trofeo
3º 100 € e Trofeo
4º 50 €

Regularidade 50 Km./h.

1º 200 € e Trofeo
2º 150 € e Trofeo
3º 100 € e Trofeo
4º 50 €

Con 20 ou máis participantes:

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 350 € e Trofeo
2º 300 € e Trofeo
3º 200 € e Trofeo
4º 100 €
5º 50 €

Regularidade 50 Km./h.

1º 350 € e Trofeo
2º 300 € e Trofeo
3º 200 € e Trofeo
4º 100 €
5º 50 €

En todas las probas entregarase un trofeo ó primeiro de cada clase.

Don Florentino Leiro Portela, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número CD1ª-1530-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba: D. Víctor F. Pérez Vidal

N.I.F.: 44.080.966-V

Entidade: Escudería Cidade de Pontevedra

C.I.F.: G-36.359.933

Fdo: Presidente D. Florentino Leiro Portela

N.I.F. 35.258.591-M

Selo do Club.

Fdo: Xefe de Seguridade Vial: Francisco Javier Leiro Argibay

N.I.F.: 76.826.554-E

Licencia CD1ª-1532-GA

ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1. - Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2018 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autonómica Única, expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo.
2. - Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.
3. - Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2018, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2a Categoría, Slalom, e outros eventos:
 - A. - Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.
 - B. - O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.
 - C. - Todo participante que non sinala na folla de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.
4. - Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2018, inclusive, serán considerados "OPEN".

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

- 1- Ratifícanse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autonómicas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañán do pasado 12 de Outubro.
- 2- Ratifícanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro, sobre o precio unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da "Licencia Autonómica Única" polas 17 Federacións Autonómicas.
- 3- Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2018, sexan considerados "Open". Asímismo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por calquera **Federación Autonómica que incumpra o acordo adoptado do precio unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro no C.S.D.**
- 4- O precio de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2018, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumplan o acordo de unificación do precio de licencias **establécese en 190 euros.**
- 5- As licencias estatais da veciña Portugal serán válidas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.
- 6- Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da "Federación Galega de Automobilismo" 2018, e será comunicado a tódalas Federacións Autonómicas de Automobilismo do Estado español.

7-Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal do incumplimento que puidera derivarse do acordo de precios de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.

8-Asímismo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", non serán expedidas nen admitidas, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, nen poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Ley 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A mencionada Ley 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto, e ser elexible, nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".

As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo".

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS

| REUNIÓN | DATA | HORA | LUGAR |
|---------|---------------------|-------|--|
| 1ª | 14 de Xullo de 2018 | 09:00 | SALA DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en :Autobús FGA |
| 2ª | 14 de Xullo de 2018 | 12:30 | SALA DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en : Autobús FGA |
| 3ª | 15 de Xullo de 2018 | 16:00 | SALA DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en :Autobús FGA |



ANEXO II

ENCARGADO DAS RELACIÓNS COS PARTICIPANTES

MISIÓNS PRINCIPAIS. Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas. A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por eso é convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESEÑO DA PROBA. O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada da proba (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario da proba).

Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.
- Dar todas as informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (exemplo precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.



ANEXO III

1) ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade:

Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Cruz Roxa.

Itinerario completo con detalle do plan de evacuación.

Plans de seguridade da proba.

b) Xefe de Seguridade Vial: No Regulamento particular da proba nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante a proba estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída da proba (por teléfono ou por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido na proba por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade co Plan de Seguridade.

c) Control: O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.



ANEXO IV CARAVANA RALLYES/MONTAÑA.

En tódolas probas a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 20 minutos antes da saída do número 1.

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo cierre e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito. Observador Federación: Sairá detrás do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orde para o inicio do treito. Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde): Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial da proba dará a orde oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Afeccionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito, ou de 30 segundos se así fora necesario.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina da proba, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

Escoba na estrada. Vehículo "00" (Bermello): Despois de finalizado o paso de todos os participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnés de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilíalos. Así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana da proba terá que ter licencia de oficial CD para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-CD1ª ou GA-XOC1ª, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudio, emitirase unha acta-informe, e serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibi da entrega na copia.

1.- AMPLIACIÓN ARTIGO 7.- PENALIZACIÓN:

7.54.- Os adestramentos/recoñecementos en Rallyes e Montaña quedan limitados a un máximo de tres pasadas por treito so penalización de cinco minutos/máis sanción económica ó comezo da proba. A exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos.

NOVA NORMATIVA DE APLICACIÓN INMEDIATA:

A. - Redúcense os adestramentos/recoñecementos a tres pasadas para Rallyes e para Montaña.

B. - A primeira infracción será de engadir unha multa de 300 €uros mais unha penalización de cinco minutos ó inicio da proba (Rallye/Montaña).

C. - A segunda infracción, do punto "B": non admitido a tomala saída no Rallye/Montaña (decisión inicial do Comité Organizador), e ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.

D. - Por incorrer nunha infracción nos puntos "B" e "C", será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación do expediente disciplinario no su caso.

E. - Si unha Escudería fai un treito cronometrado, Rallye ou Montaña na mesma tempada, non se poderá utiliza-lo treito por outra entidade organizadora.

F. - Só se poderá adestrar un día, por cada equipo participante, a escoller de entre tres días que designará ó Comité Organizador (Rallye/Montaña), e que será solicitado por fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 150 participantes nos tres días.

G. - A velocidade máxima nos treitos a recoñecer, será en función das limitacións/sinais que existan no treito.

H. - Pola Federación Galega de Automobilismo, notificarase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

I. - Os organizadores designarán un Comisario/Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ós Comisarios Deportivos da proba.

J.- A Federación designará outro Comisario/Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

Q.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor butano) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro, (lado dereito superior no sentido da marcha) dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba do equipo infractor.